

Prólogo

Debo comezar por contar o momento en que coñecín a M. Castro d'Anllóns. Foi logo do seu regreso da América, onde estivera máis de cincuenta anos esborrallado naquelas inmensidades, segundo dicía cada ves que había tertulia cas Xeneroso, o zoqueiro da Brixaría.

Castro d'Anllóns viñera á miña casa da Trave por motivo dun can de caza, un fermoso pointer, ao que se lle puxera un vulto no ventre que, segundo o seu dono, semellaba o mal de aldrope. O meu avó, o vello veterinario que aínda vivía daquela, tratou ao can que, ao cabo dunhas semanas, recuperou a saúde e volveu alegrar as xornadas de caza do seu amo.

Pouco antes de morrer na casa petrucial do solás da Saimia, M. Castro deixoume, xunto cunha fermosa escopeta eibarrese coa que cazaba a arcea nas carballeiras que beiran o río aló nos eidos de Cardezo, o encargo de falar con D. Isidro Parga Pondal, por quen tiña enorme respecto e mesmo un chisco de veneración, por se o ilustre sabio, daquela retirado na súa benamada Laxe, tiver a caridade de lle custodiar os escritos que o noso amigo fora elaborando en silencio e coleccionando ao longo do tempo, e que gardaba no seu despacho, na gaveta dunha mesa de recia nogueira que viñera do pazo de Nemeño cando venderan aquelas herdades. Por razóns que non veñen agora ao

caso, tanto a biblioteca de M. Castro d'Anllóns como todos os seus documentos, comprendidos os manuscritos que eu pasara a limpo, viñeron ao meu poder e encargo, e noraboa tomei a decisión de dalos para a súa publicación, como acto de amizade entregada á súa persoa.

As máis das historias que aparecen neste libro foron escollidas, e andando o tempo lidas, por un servidor na casa de Anllóns, beira do río, onde o escritor vivira aqueles últimos anos e onde unha mañá de verao, cando a xente se preparaba para asistir á romaría de San Fins do Castro, entregara a súa alma.

Foran tardes de ouvido atento e lectura demorada, mentres a sombra do serán ía tomando os tarais e os amieiros que beiran o río naquela paraxe, cabo do muíño da Saimia. E por requirimento do seu autor, entre cuncas de café e pan fresco de cas Velo da Trave, fun pasando a limpo folla a folla estas historias na vella máquina Olivetti que o caro M. Castro mercara un día na Coruña, na tenda que rexentaba un viciño de nós na rúa de Santo Andrés.

Así cumpría o encargo e o gusto de quen, malia a diferenza de idade, chegara a ser querido amigo. Andaría eu daquela por terceiro curso de Letras na universidade de Compostela, e aínda non se xubilara D. Breogán Carvalho, o benquerido e recordado mestre, a quen os alumnos daquel tempo tíñamos alcumado co sonoro “D. Breograndisio dos Outos Bardos”.

M. Castro d'Anllóns, como gustaba asinar, publicara algúns destes contos na revista “Pazo de Sergude”, subtitulada “Revista de letras e cultura dos fillos de Bergantiños”, que desde os anos corenta editaba unha asociación de bergantiñáns residentes en Bos Aires.

A revista trataba sobre todo temas de cultura popular e etnografía, politicamente inocuos, cheos de sentimento e de morriña. ¿Cómpre dicir que a pena mellor afiada daqueles papeis era a do noso caro amigo?

Outros foron escritos nos últimos anos, logo do definitivo regreso aos eidos queridos. Os máis deles están inspirados en lendas e contos da vella rexión bergantiña, en concreto as aldeas e vilas que povoan o tramo final do río Anllóns. Nalgúns deles aparece a influencia das letras galegas e mesmo retallos que procuran acaso inspiración na cultura actual, ou nos filmes vistos polo noso escritor, nos distantes tempos da infancia, no vello salón “A Vieira”, que na Trave da Ponteceso fundara unha familia de orixe portuguesa.

Os máis dos relatos que vas ler, prezado leitor, son dedicados a tipos e fauna máxica, sendo como era Castro d’Anllóns parcial da etnografía e das lendas, que apuña a personaxes de seu, coñecidos ou achegados, xentes de viciñas parroquias a quen trataba nos máis diversos lugares, tal a feira da Trave da que durante anos fora figura moi principal, ou a ferraría daquel lugar, cando aínda vivía o vello ferreiro, home de moitos contos e casos paveros.

Outros, porén, teñen unha orixe máis literaria que oral. “A corza de pé branco” é unha antiga lenda que tivo un extenso e afortunado tratamento nas nosas letras, rescatada desde ese fondo mítico e folclórico no que sen dúbida debeu nacer.

“As donas mortas” responde a un máis íntimo e descoñecido gusto de M. Castro polo raro e estraño. De feitaura enteiramente literaria, sen poder achar axuda no patrimonio tradicional se non for a historia última que recolle na taberna, é como un relato que nacera doutros relatos, por así dicilo, evocándoos e recreando unha atmosfera imposible fóra dos dominios do relato escrito. O estraño, o misterio, un esvaído erotismo e un alento estético que nos fai recordar o relato gótico son, acaso, os seus máis notorios trazos. —Pode observar vostede, caro amigo, que as mulleres sempre foron un bon recurso como protagonistas dos relatos fantásticos. Eu que sei... supoño que o velado erotismo que a miúdo hai neles así o foi determinando— dicía como se quixese xustificar o seu relato, mentres me ofrecía tabaco, obsequioso e teimudo.

“Xope de Lilaina” foi moi do gosto dos ouvintes que llo escoitaron ao autor, a pouco de darlle forma e remate, en cas Velo da Trabe, unha noite de inverno despois de defuntos. A idea seica lle chegou a M. d’Anllóns vendo un estaribel de monicreques na praza do Toural, nunha das frecuentes visitas á feira de Santiago. Logo adobouno con sal e pementa do propio maxín e con retallos das imaxes de cine do que o noso autor era tan amigo.

Dos seus gustos literarios direi o que me foi dado saber nas longas conversas mantidas ao longo daqueles anos. Era bo lector e apreciaba aos franceses Guy de Maupassant e Francis Jammes, este último figura esmorecida nas letras galas, mais con grande predicamento no seu tempo. Das nosas, tiña preferencia por D. Ramón Otero Pedrayo e A. Cunqueiro. Pondal era antiga devoción, para alén dunha vella amizade que lle viña pola casa, debedora dos señores da ría. O gusto por Castroviejo estaba ocasionado máis que nada pola caza, paixón que retomara co regreso aos eidos nativos.

Neste seu libro, M. Castro transmítenos a súa querencia pola literatura fantástica. Sobre ela temos falado moitas veces na súa casa. Podo recordar agora certo día en que me chamara para lerre algo que rematara aquela mesma mañá. A conversa mantida, que reproduzo o mellor que agora podo lembrar, e que por veces se me perde como unha voz que chegara vaga e esvaída a través dunha fiestra aberta, foi prolongada.

–Eu falaría mellor do fantástico na literatura –dixera mentres se acomodaba no sofá, ofrecéndome tabaco como decote facía sen reparar que eu non fumaba.

–Sei do conto dun escritor norteamericano, un tal Thomas B. Aldrich –díxenlle– que fala dunha muller que está sentada na súa casa. Sabe que non hai ninguén máis ca ela no mundo. E daquela pétanlle na porta.

–Iso contouno Borges no seu libro– Eu sabía que M. Castro facía referencia á antoloxía da literatura fantástica que o autor

arxentino escribera con Bioy Casares e Silvina Ocampo. Era a obra que máis lle gustaba e posuía unha primeira edición que lle regalara un profesor bonaerense de orixe italiana, con quen fixera amizade ao coincidiren no Centro Galego por causa dun artigo que o noso amigo lle pedira a Angelo Di Matto, que así se chamaba o profesor, para a revista “Pazo de Sergude”.

Castro d’Anllóns fixera notar aló certa semellanza entre algúns contos dos autores aos que Borges fai referencia, con outros que el ouvira de neno aos seus avós e viciños, nas longas noites do inverno bergantiñán, cando o vento e a auga son para os lobos solitarios dos camiños.

O conto da Aldrich ao que facemos referencia era, na súa brevidade, un dos preferidos de Castro d’Anllóns, quen botaba de menos que D. Borges non tivera incluído no seu libro ás criaturas fantásticas de Cunqueiro.

–Verbigracia –dicía remedando ao monfortino– o velagullas, o gatipetro ou o demo oveiro.

E Castro d’Anllóns non podía reprimir aquel divertimento de recrear ao seu xeito, por enésima vez, o relato do gato co seu corنيño vertedor que, segundo dicía, máis parecía licenza chinesa que fantasía céltica. Aínda que, ben mirado, eran outras dúas fantasías cunqueirás as que tiña en moito aquel. Unha, cando Don Merlin botaba ao ar o que chamaba “licor dos países” pintando o mundo de azul. A outra era a personaxe de Merlo de Lousadela, aquel ousado inventor de palabras –Tal merecía unha novela florentina– dicía o meu amigo xa moi enlevado, cunha emoción punteada nos ollos como unha muiñeira no punteiro da gaita.

Mais o conto da muller tan soa no mundo, que sente como petan na porta, levábao ao seu propio mundo, aquel mundo revirado que deixara ao partir para as Américas. O conto de Aldrich, a recreación dramática da soidade. Semelláballe algo moi achegado, como se non o tivese escrito un norteamericano, senón calquer escritor de nós.

Era tamén moi parcial da prosa de D. Anxel Fole, e non disimulaba un aprezo sincero por escritores de pana tan diferente como Nicolai Gogol, Emily Brontë, J. R. Tolkien ou Camilo Castelo Branco.

Recordo cando cheguei á súa casa inmediatamente despois de recibir a nova do seu falecemento. Aínda non era mediodía e nos loureiros do xardín cantaba un mundo de xílgaros. Sobre a mesiña do dormitorio había unha edición de relatos do escritor arxentino que andaba a ler naqueles días. Tiña marcada, cun prospecto do film “Paixón dos fortes” de J. Ford, unha páxina da “Biografía de Tadeo Isidoro Cruz”. Tales foran as súas derradeiras lecturas.

Miguel A. Mato Fondo

No fondo das obscuras cociñas

Estes que imos coñecer agora son seres que aparecen debuxados, tal e como eu os conto, na memoria popular e aos que, por darlle un aquel máis achegado ao do relato literario, recreei ao meu xeito e competencia. Os máis deles deberon existir de certo, porque do seu encontro deron razón xentes vivas que moraron nestas parroquias da baixa bergantiña; naceron outros, acaso, da fantasía da nosa cultura popular, tan dada a crer no alén e telo por seu, como se os que foron non quixeran deixar de ser. Así o coñecín, en lecturas de homes competentes, sabios e razoadores, ou en demoradas conversas no fondo de obscuras cociñas, en días de vento e augas abatidas sobre as varcias deste antigo país que teño por patria.

Doutros apenas me chegou máis que a súa nova dende lonxe, de distantes mares e terras, e a súa presenza tivo sempre ese extraño sentimento, que por veces nos chega co vento frío das inverniás, de sermos rodeados e tomados por un non sei que descoñecido e imprevisíbel.

O soño do xastre do Esto

No lugar que din O Esto, a carón do vello camiño que desde a Ponteceso vai dar na estrada principal da Fisterra, viviu un xastre moi dado aos contos de tesouros, coma todos os xastres dalgún tempo. O Esto é un lugar soleado, ergueito sobre pequenas leiras debuzadas sobre o río Anllóns que naquelas paraxes vai emboscado.

O que máis soñaba este xastriño era atopar algún día unha ola chea de moedas de ouro. E non era tal pola cobiza del, que a París non ía viaxar por máis que o atopara. Non. Para o noso amigo, o valor estaba en descubrir o ouro de por si, maormente se o caso se dera en noite de lúa, entre os pardiñeiros da casa vella do Campo do Curro, e no camiño de ida dera co xabarín ou co raposo. E estes non fuxiran senón que, de xeito sorprendente, temperaran o paso, voltaran a cabeza cara ao xastre e puxeran un aquel de lle querer perguntar algo.

Un albéitar da Ponteceso, home tamén dado a estas andrómenas, tiña por costume irlle con contos de tesouros e achados, e achegándose algunhas tardes ao obradoiro onde o xastre cortaba un traxe ou remendaba unhas polainas, facendo un aparte propúñalle a procura dalgún tesouro escusado.

O aparte era como unha luva de desafío que o xastriño recollía con bo aquel. E logo todo se lle ía en trazar o momento e o que cumpriría levar: sacho ou picaraña, unha fouce, a escopeta por se acaso, e se cadraba levar chaqueta ou non. O aquel era ir de noite ao lugar onde fican os pardiñeiros da antiga casa, e sacho nun lado e botar pedras noutro, na procura da ola de moedas de ouro que, sen dúbida, había naquelas soidades. E mentres daban ou non daban co tesouro, o río bruaba na ferverza da Saimia e a lúa no travesío brillaba como unha fouce de ouro.

Claro que o noso xastre non coñecía o Ciprianiño, que de coñecelo non daría feito no seu oficio, e todo se lle ía de procurador de tesouros, e o maxín andaríalle a voltas e reviravoltas con onzas e bois dourados sulagados nalgún pozo do río, ou nunha lagoa, ou escusados entre os petoutos do monte.

Un día, o xastre contoulle ao albéitar o soño dunha noite en que tiña que dar remate a uns traxes que un seu coñecido, un tal Pallagueiro, lle encargara para estreir polo San Pedro de Silvarredonda.

Soñara que estaba nos pardiñeiros do Campo do Curro, e unha lúa amarela como sol de setembro pairaba sobre a ferverza que deixaba ouvir o seu xordo e grave son. O xastre aparecera non sabía como no medio das paredes case por completo derrubadas que noutro tempo foran casa, pendellos e cortes, e que agora xa non eran máis que niño de noitébregas.

De súpeto, ouviu un rumor, un fruxe-fruxe fuxitivo, nos loureiros que asombran aqueles predios. E por entre a ramalla foi medrando, medrando, unha luz que, tomando forma indefinida, erguiuse uns metros do chan, derivou como unha lancha na marea e pousou sobre un prado sen ceifar, soterrando naquel mesmo lugar. O xastre foi indo, medoñento, achegándose pouco a pouco, e pousou a man na erva. Por onde a luz se escusara, a terra estaba quente coma un molete de pan. Daquela arrecadou o sacho e cavou alí mesmo.

Non levaría unha hora botando terra cara a un lado e agrandando o burato, cando un resplandor cegouno de súpeto, e viu no fondo unha ola de barro chea de moedas que brillaban como muxicas. Coa impresión do ouro iluminando o prado, o xastriño sentiu o sangue acugularselle no rosto e perdeu o sentido, caendo e rolando costa abaixo, cara ao camiño.

Cando espertou, aínda ben non mencera e xa cantaban os galos. Ollou darredor, rodeado dun completo silencio. Sorprendido e confuso, comprobou que tiña as mans luxadas e os zapatos cheos de terra con algunhas ervas pegadas a ela. Botou unha ollada pola soidade do obradoiro e ficou abraiado. Onde non había onzas nen chaquetas de ouro, estaban os traxes da festa ben cosidos e ben pranchados, dispostos para os levaren.

E cada vez que contaba o caso, erguía o cunca de viño abaneando a cabeza, como dando a entender aos contertulios que aquilo non tiña doada explicación, e nos seus ollos asomaba un punto de melancolía.